

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 11 de xuño de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xuvia, de clave AC/23/151.06; así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Por resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 10 de xuño de 2024 realizouse a aprobación provisional do proxecto de trazado de glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xuvia, de clave AC/23/151.06, no municipio de Neda (A Coruña), que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado de glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xuvia, de clave AC/23/151.06, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.



Terceiro. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación que compón o proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, nº 2, 15071 A Coruña) e na Casa do Concello de Neda.

Así mesmo, a documentación íntegra do proxecto e un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación, estará dispoñible na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xuvia
Clave AC/23/151.06**

Concello de Neda.

Nº	Ref. catastral	Titular	DNI	Clase de solo (catastro)	Clasificación urbanística	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación (m ²)	Bens afectados		
								Cant.	Unid.	Descrición
1	8883801NJ6188S	Andrés Orosa Tejeiro (hr.)	---	Urbano	Solo urbano consolidado	Urbanizado. Residencial	806	37	m ³	Muro de cachotaría ordinaria con morteiro i/pp cimentación e piares
								49	m	Malla electrosoldada i/pp postes galvanizados
								2	ud	Cancela metálica

